

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

19173 Orde TIN/3356/2011, do 30 de novembro, pola que se modifica a Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.

A disposición adicional segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema de Seguridade Social, no seu número 1, establece que o Ministerio de Trabajo e Inmigración determinará, a partir da súa publicación, as modalidades de convenios especiais coa Seguridade Social que se deberán subscribir necesariamente antes do transcurso dun determinado prazo, contado desde a data en que se causase baixa no réxime correspondente ou se extinguiše o dereito ás prestacións por desemprego.

En cumprimento dese mandato legal e mediante a reforma do artigo 3 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social, procédese a establecer o prazo xeral dun ano para solicitar a subscripción do referido convenio especial, que unicamente non será aplicable respecto a determinados convenios especiais regulados no capítulo II da dita orde.

Pola súa vez, o número 2 da citada disposición adicional segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, faculta o Ministerio de Trabajo e Inmigración para regular, nos termos e condicións que determine, a subscripción de convenio especial coa Seguridade Social por parte daqueles españois que, sen ter estado previamente afiliados ao Sistema da Seguridade Social, participen no estranxeiro, de forma remunerada, en programas formativos ou de investigación sen quedaren vinculados por unha relación laboral.

Tendo en conta que a situación deste último colectivo, que se debe trasladar e establecer nun país estranxeiro para participar nos referidos programas de formación ou investigación, presenta unha serie de trazos comúns coa dos emigrantes españois, considérase oportuno aplicarlle a este colectivo a regulación prevista para o convenio especial que será suscrito por estes últimos, para efectos de posibilitar a súa inclusión no ámbito protector do sistema español de Seguridade Social.

Para isto, procédese a engadir un novo número 1.4 ao artigo 15 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, relativo ao convenio especial dos emigrantes e fillos de emigrantes, co fin de recoller nel o colectivo previsto na disposición adicional segunda.2 da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Tamén se modifica o número 2 do citado artigo 15, co fin de adaptar os trámites e documentación necesarios para solicitar a subscripción deste convenio especial aos distintos supostos recollidos nel.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación conferida ao ministro de Trabajo e Inmigración polos números 1 e 2 da disposición adicional segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema de Seguridade Social.

Por todo o exposto, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social.*

A Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Solicitar a súa subscripción ante a dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social

correspondente ao domicilio do solicitante no prazo dun ano, que se computará da seguinte forma:

a) Nos supostos previstos nos números 2.a), 2.c) e 2.e) do artigo 2, a partir do día seguinte á data de efectos da baixa no réxime de Seguridade Social en que se estea encadrado.

b) No suposto previsto no número 2.b) do artigo 2, a partir da data en que se extinga a obriga de cotizar á Seguridade Social.

c) No suposto previsto no número 2.d) do artigo 2, a partir da data de celebración do novo contrato co mesmo ou distinto empresario.

d) No suposto previsto no número 2.f) do artigo 2, a partir do día seguinte a aquel en que se extingue o dereito á prestación por desemprego ou en que se cesase na percepción do subsidio por desemprego.

e) Nos supostos previstos nos números 2.g), 2.h) e 2.i) do artigo 2, a partir da data en que a correspondente resolución administrativa ou xudicial sexa firme.

Cando no suposto previsto no número 2.i) se causase baixa nun réxime da Seguridade Social por causa da solicitude dunha pensión de xubilación, será necesario, en todo caso, que a dita solicitude se realizase dentro do ano seguinte ao de efectos da baixa.

Nos supostos a que se refire o número 2.j) do artigo 2, a solicitude de subscripción do respectivo convenio especial poderase formular en calquera momento, salvo que para isto se exixa un prazo específico, a súa subscripción se deba efectuar dentro dun período de tempo ou no marco doutro procedemento legalmente establecido ou se efectúe unha remisión ao disposto no capítulo I desta orde».

Dous. Engádesse un novo número 2 ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«2. A solicitude de convenio especial deberase formular no modelo oficial establecido para o efecto pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que se poderá presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como tamén mediante o procedemento electrónico que estableza o citado servizo común da Seguridade Social.»

Tres. O actual número 2 do artigo 3 pasa a constituír o seu novo número 3, e os números 2.1, 2.2 e 2.3 os seus novos números 3.1, 3.2 e 3.3.

Catro. Engádesse un novo número 1.4 ao artigo 15, coa seguinte redacción:

«1.4 Os españois que, sen ter estado previamente afiliados ao Sistema da Seguridade Social, participen no estranxeiro en programas formativos ou de investigación de forma remunerada, calquera que sexa o concepto ou a forma da remuneración que perciban, sen quedaren vinculados por unha relación laboral, os cales terán a consideración de emigrantes para os únicos efectos da subscripción desta modalidade de convenio especial».

Cinco. O número 2 do artigo 15 queda redactado nos seguintes termos:

«2. A solicitude para subscribir esta modalidade de convenio especial poderase formular en calquera momento e nos lugares indicados no artigo 3.2 desta orde, para os efectos da súa tramitación pola Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de Madrid, nos supostos previstos nos números 1.1, 1.3 e 1.4, e pola dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social correspondente ao domicilio onde se fixase a residencia, no suposto previsto no número 1.2.

2.1 A estadía no estranxeiro poderase acreditar mediante copia do permiso de residencia ou de estadía expedido polas autoridades correspondentes do país de inmigración, compulsada pola consellería de traballo e inmigración española ou consulado español no dito país, ou mediante certificado de inscrición no rexistro de matrícula da embaixada ou consulado español que corresponda.

2.2 O traballo, a prestación de servizos ou a formación no estranxeiro poderase acreditar por calquera medio admitido en dereito e, en especial, por algún dos seguintes:

a) No suposto previsto no número 1.1, mediante copia do permiso de traballo expedido polas autoridades correspondentes do país de inmigración, compulsada pola consellería de traballo e inmigración española ou consulado español no dito país, ou mediante certificado do traballo expedido pola empresa, compulsado e traducido pola consellería ou consulado indicados.

b) No suposto previsto no número 1.3, mediante certificado da condición de segurar, misionero ou cooperante enviado ao estranxeiro, expedida pola organización ou institución da cal aquel dependa.

c) No suposto previsto no número 1.4, mediante certificado da participación en programas formativos ou de investigación expedido pola empresa, entidade ou institución que corresponda, compulsado e traducido pola consellería de traballo e inmigración española ou consulado español.

2.3 Para os efectos de acreditar o retorno a territorio español, será necesario achegar o certificado de baixa no Rexistro de Matrícula Consular e autorizar a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para comprobar os datos do domicilio e residencia en España mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos de Residencia previsto no Real decreto 523/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a exigencia de achegar o certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e residencia, nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes. De non se outorgar a dita autorización ou cando o empadramento se realizase nos dous últimos meses, será necesario achegar o certificado de alta no padrón municipal correspondente».

Disposición transitoria única. *Situacións anteriores.*

O prazo dun ano para solicitar a subscrición de convenio especial, establecido no artigo 3.1 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, computarase a partir da data de entrada en vigor desta orde cando as baixas, supostos de extinción da obriga de cotizar e demais situacións que permitan subscribilo se producisen con anterioridade a esa data.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de novembro de 2011. O ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez Sánchez.